

4 DUN PAÍS DE EMIGRANTES A UN PAÍS DE INMIGRANTES

A partir dos últimos decenios do século XX iniciouse unha nova etapa nas migracións. Os migradores deixan de ser prioritariamente europeos e as direccións invértense. Actualmente chegan de forma masiva aos países ricos de Europa, inmigrantes procedentes de Asia, África e América Latina na procura de traballo e dunha nova vida.

4.1. España, un país de inmigrantes

A finais do século XX, o desenvolvemento económico transformou España dun país tradicionalmente emigrante nun país receptor de inmigración. Esta inmigración pódese agrupar en catro grandes conxuntos:

- **Persoas xubiladas procedentes de Europa Central e do Norte.** Son xente que se asenta definitivamente en España, sobre todo na costa mediterránea, atraída por un clima suave e un medio agradable rodeado de bos servizos. Este colectivo de poboación, que aumentou de forma notable a comezos do século XXI, non atopa ningunha dificultade para a súa instalación no noso país.
- **Directivos de empresas multinacionais, traballadores de alto nivel profesional, xentes do mundo artístico e da cultura.** Este grupo de poboación está formado por persoas que proceden na súa maioría da Unión Europea. Veñen a España por cuestións laborais ou porque aquí atopan mellor calidade de vida. Neste colectivo inclúense altos cargos directivos, técnicos, deportistas, estudantes, etc.
- **Refuxiados políticos.** Son persoas que por motivos políticos tiveron que fuxir do seu país. Tamén se inclúe neste grupo os que abandonaron o seu lugar de orixe por conflitos armados, violencia xeneralizada ou por razóns de seguridade persoal.
- **Inmigrantes procedentes de países pobres.** Este é o grupo máis numeroso da inmigración que chega a España na actualidade. Está formado principalmente por homes, mulleres e nenos procedentes de diversos países de África, América Latina, Leste de Europa e Asia, que veñen **na procura de traballo** e dunhas condicións de vida máis dignas.

A Unión Europea e España levan a cabo un **proceso de regulación** para controlar a entrada destes inmigrantes, que atopan moitas dificultades e limitacións para obter o permiso de inmigración e de traballo. Iso provoca a entrada clandestina dalgúns deles, coñecidos como *sen papeis*. Estas persoas poden entrar no país como turistas ou a través das mafias, redes clandestinas de transporte de inmigrantes, coas que contactan para poder realizar o traslado a España. Viaxan en pateras ou caiucos, ou acochados en camiións co risco que iso implica para as súas vidas.

A INMIGRACIÓN EN ESPAÑA EN 2008



ESTRANXEIROS EN ESPAÑA

Países	2007	2008
Romanía	527019	728967
Marrocos	582923	644688
Ecuador	427099	420110
Reino Unido	314951	351919
Colombia	261542	280705
Bolivia	200496	239942
Alemaña	164405	180650
Italia	135108	157435
Bulgaria	122057	153664
Arxentina	141159	145315

Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE).

- De que dous continentes procede o maior número de estranxeiros?
- Cal consideras que é a causa da chegada dos estranxeiros procedentes de América Latina?
- A presenza de alemáns e romaneses obedece a situacións económicas distintas? Pertencen ambos os dous países á UE?
- Cal é a Comunidade Autónoma cunha meirande porcentaxe de inmigrantes sobre a súa poboación total? Cales poden ser as súas causas?

4.2. Poboación estranxeira en España

O padrón municipal publicado en España en xaneiro de 2008 amosa o maior incremento de poboación desde o ano 2004. Nun ano, a poboación española aumentou uns 863000 habitantes, máis do dobre do crecemento do ano anterior. Este incremento débese fundamentalmente á **poboación estranxeira**, posto que oito de cada dez novos cidadáns naceron fóra de España. Na actualidade, no noso país viven 5,2 millóns de foráneos, o que representa máis do 11% da poboación total.

Desde o ano 2000, España foi o segundo país do mundo que recibiu un meirande número de inmigrantes despois de Estados Unidos, e ocupa o décimo lugar por detrás de Estados Unidos, Rusia, Alemaña, Francia, Canadá ou o Reino Unido, pola cantidade de poboación estranxeira que vive no seu territorio.

Se analizamos a poboación estranxeira que reside en España por **sexo** e por **idade**, e a comparamos coa española, obsérvase que a relación entre sexos segue practicamente equilibrada. Pola contra, ao cotexar a idade de españois e estranxeiros, as diferenzas son notables: o groso da poboación inmigrada (63%) ten entre 16 e 44 anos, mentres que os maiores de 65 anos apenas representan un 5%; no caso da poboación española, a que ten entre 16 e 44 anos supón un 44,6%, e os maiores de 65 anos, un 16,6%.

En canto á composición por **nacionalidades**, actualmente existe un predominio destacado de persoas orixinarias de Romanía e Bulgaria, desde que estes países se incorporaron á Unión Europea en 2007. Tamén é moi significativo o peso da inmigración de orixe marroquí, debido á súa proximidade, e a dos países de América Latina, como Ecuador, Colombia e Bolivia, cos que compartimos vínculos históricos. A elevada porcentaxe de persoas procedentes doutros países da Unión Europea, como Reino Unido, Alemaña e Italia, proba a intensa relación económica e social entre os países comunitarios, onde a circulación de persoas é totalmente libre.


4.3. Os camiños da inmigración

Segundo un estudo do Instituto Nacional de Estadística (INE), só o 1,1% dos inmigrantes que viven hoxe en España puxeron en perigo as súas vidas en mans das **redes clandestinas** de transporte de inmigrantes. A entrada ilegal de inmigrantes estranxeiros implica un comercio humano co que trafican e se enriquecen as mafias, e ocasiona grandes traxedias persoais.

Os inmigrantes irregulares procedentes de países subsaharianos seguen diferentes itinerarios coa finalidade de chegar a España. Unha primeira ruta ten como obxectivo alcanzar Marrocos para despois cruzar o estreito de Xibraltar. Esta ruta presenta moitas dificultades pola práctica imposibilidade de acceder a Ceuta ou Melilla e polos acordos asinados entre Marrocos e España en materia de inmigración. Unha segunda ruta para chegar a España arranca desde portos de Senegal ou Mauritania e diríxese cara ás illas Canarias. Esta travesía desde as costas atlánticas africanas resulta moi perigosa.

España intenta frear a entrada clandestina de inmigrantes mediante a sinatura de **acordos cos países africanos** de onde parten as pateras. Comprométese a vixiar as costas a cambio de axudas para o seu desenvolvemento.


POBOACIÓN EMPADROADA EN ESPAÑA



- Analiza a evolución da poboación estranxeira que reside en España e compárraa co total de habitantes.

COMO ENTRARON?

O gráfico amosa como entraron en España os inmigrantes. Destaca a importancia do avión e dos autocares, mentres que as cifras de inmigrantes que acadaron España en pateras son insignificantes.



- Se o número de inmigrantes que chegan en pateras é insignificante, por que os medios de comunicación falan tanto diso?